

Viaxes +60 Afundación
País Vasco
Do 6 ao 12 de maio

afundacion.org



//Afundación

Obra Social ABANCA



Domingo 6 de maio

Recollida nos diferentes Espazos +60. Viaxe en autobús. Saída sobre as 8.00 h da mañá dos puntos indicados con dirección ao País Vasco. Breves paradas en ruta. Comida en ruta (incluída). Á primeira hora da tarde chegada ao hote. Check-in. Pola tarde visita guiada a Vitoria. Visitaremos as rúas e cantóns empedrados do seu Centro Histórico, tamén coñecido como a Améndoa Medieval, que aínda conserva parte do seu sistema defensivo e un gran número de pazos, igrexas e museos en que viaxaremos á Idade Media. Require mención especial a catedral de Santa María (entrada incluída), a Casa do Cordón e o complexo Bibat, un edificio que acolle o Museo Fournier de Naipes e o de Arqueoloxía. Dicimos adeus á Améndoa Medieval na balconada da igrexa de San Miguel, onde podemos gozar da beleza e elegancia do ensanche neoclásico de Vitoria-Gasteiz. A praza da Virxe Branca é o monumento que conmemora a Batalla de Vitoria, a praza España, a rúa Dato e os Arquillos, entre outros, son algúns dos edificios máis representativos desta época. Por último, gozaremos dun relaxado paseo á tardiña polo Anel Verde, un complexo de parques que rodea a cidade e que conta con zonas húmidas protexidas, coma a de Salburua, onde habitan fauna e flora de gran valor ecolóxico. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

Luns 7 de maio

Tras o almorzo, sairemos con dirección a Guetaria, lugar en que naceu Juan Sebastián Elcano, unha localidade vasca que desde lonxe semella unha balea ao sol ou un inmenso rato. O primeiro mariñeiro na historia que deu a volta ao mundo, no século XVI, ten un destacado monumento co fondo dun frontón no alto da vila, obra de Víctor Macho. Posterior visita a Zarauz, que é un dos principais centros de veraneo do País Vasco, grazas en gran medida á súa praia, que pasa por ser unha das mellores da cornixa cantábrica.

É unha antiga poboación de pescadores de baleas que conserva varios edificios medievais, así como algunhas das vilas de veraneo que lle deron fama desde fins do século. Comida pola zona e posterior visita a Hondarribia, marabillosa cidade da costa guipuscoana. Se entramos no centro antigo amurallado, poderemos camiñar polas súas rúas empedradas ateigadas de casas brasonadas e edificios senlleiros coma o Castelo do emperador Carlos V, convertido hoxe en día en parador. Moi preto, sitúase o Barrio da Mariña, coas súas coloristas casas de pescadores, restaurantes e típicos bares de pintxos con terrazas. Á última hora da tarde, regreso ao hotel, cea e aloxamento.

Martes 8 de maio

Almorzo e saída para visitar Bilbao. Comezaremos o día visitando o Museo Guggenheim (entrada incluída), tan valioso e atractivo polo imponente deseño do edificio proxectado/deseñado por Frank O. Gehry como pola calidade das súas coleccións. Comida en Bilbao. Pola tarde visita á cidade (visita guiada): En primeiro lugar, iremos ao corazón histórico da cidade, é dicir ás Sete Rúas, onde cultura e gastronomía camiñan da man. Visitaremos a Praza Nova, o Museo Vasco (entrada incluída) ou a Catedral de Santiago (entrada incluída). Para rematar a xornada, visitaremos o Ensanche, o barrio máis elegante da cidade. Nel pódense encontrar algúns dos edificios, rúas e prazas máis representativas da cidade, como a Gran Vía, a Praza Moyúa ou o Palacio da Deputación. O Ensanche, que se converteu no centro de Bilbao, tamén alberga unha importante oferta gastronómica e de lecer. Á última hora da tarde, regreso ao hotel, cea e aloxamento

Mércores 9 de maio

Almorzo no hotel e saída para visitar San Sebastián. Comezaremos esta ruta descubrindo a súa baía, unha das máis fermosas do mundo. Non hai mellor maneira de admirala que desde o Monte



Igueldo (subida incluída), cunhas vistas cheas de fermosura que poñerán a cidade aos nosos pés. Descenderemos á base do monte, onde se encontra o Peite do Vento de Eduardo Chillida, unha escultura que, día tras día, se enfrenta aos envites do Mar Cantábrico. Aproveitaremos para pasear polas rúas, realizar unhas compras e visitar a Praza da Constitución, a Basílica de Santa María do Coro (entrada incluída) ou o porto pesqueiro, que aínda preserva a esencia mariñeira das vilas máis tradicionais da Costa Vasca. Comida en San Sebastián. Pola tarde daremos un agradable paseo pola área romántica de San Sebastián (visita guiada), con edificios de estilo francés que son vestixios da Belle Époque donostiarra, como o Teatro Vitoria Eugenia, o Hotel María Cristina ou o casino, convertido actualmente no Concello, entre outros.

Xoves 10 de maio

Almorzo no hotel e saída cara ao Santuario de Aránzazu (entrada incluída con visita guiada). Este santuario foi orixinalmente construído hai máis de 500 anos en honor da Virxe María, que supostamente se lle apareceu a un pastor local no século XIV. Posterior visita á Universidade Sancti Spiritus (entrada incluída con visita guiada), un dos edificios máis importantes do Renacemento, non só de Guipúzcoa, senón do País Vasco. Obedece a unha fundación de típico mecenas renacentista, que quixo deixar memoria na súa localidade natal da importancia da súa persoa, así como dotala dun centro de estudos. Pola tarde visita á Parroquia de San Miguel (entrada incluída con visita guiada), que é un edificio construído no S. XV e de estilo gótico. Durante este século foi ampliada, debido a que foi aumentando tamén a poboación. Hoxe en día, consta de catro naves, en que se ven reflectidos os distintos estilos de cada época. Visita posterior ás Covas de Oñati (entrada incluída con visita guiada). Situadas no interior do cume máis alto da CAV, no corazón da cordilleira de Aizkorri, a Cova de

Oñati-Arrikruz é unha das covas máis extensas de Guipúzcoa, un excepcional escaparate da paisaxe kárstica do País Vasco. Á última hora da tarde, regreso ao hotel, cea e aloxamento.

Venres 11 de maio

Almorzo e saída cara a Guernica, que é famosa en todo o mundo debido ao cadro de Pablo Picasso co mesmo nome. A pintura amosa o sufrimento e a traxedia que tiveron lugar en Guernica o 26 de abril de 1937. Naquel día, forzas aéreas alemás e italianas bombardearon o pobo, derrubando todo, agás un par de edificios. Afortunadamente, os dous símbolos máis importantes sobreviviron: a Casa de Xuntas e a Árbore de Guernica.

Posterior visita a Bermeo, municipio que conta cunha singular personalidade e encanto. Ofreceranos, ademais, a oportunidade de visitar o seu abundante patrimonio cultural. Comezamos polo Monumento de Néstor Basterretxea, en homenaxe a Benito Barrieta; se observamos a paisaxe desde a abertura do monumento, veremos que a Illa de Izaro encaixa na fenda, causando un impacto visual excelente. Desde alí, chegaremos ata o Museo do Pescador, que se alberga na Torre Ercilla, e visitaremos, así mesmo, o Casino de Bermeo, co aspecto dun palacio francés. Comida pola zona. Pola tarde, visita a Getxo e Portugalete, dúas localidades situadas ao norte de Bilbao, no Golfo de Biscaia. Aínda que separados polo Río Nervión, os dous municipios comparten unha historia común. Ponte Biscaia foi a primeira ponte do seu tipo en ser construída e elévase coma un recordo monumental do pasado industrial da zona.

Sábado 12 de maio

Almorzo e inicio da viaxe de regreso con paradas en ruta (comida incluída). Ao chegar a Galicia, distribución das persoas pasaxeiros aos diferentes Espazos +60.

PREZO

Soci@s ABANCA: 645 €

Soci@s: 710 €

Suplemento individual: 174 €

Prezos baseados nun mínimo de 45/50 participantes.

No caso de cancelación do acompañante ou non atopar unha persoa para compartir habitación, o cliente deberá asumir o custe do suplemento individual.

O PREZO INCLÚE

Desprazamentos desde os Espazos +60 ao punto de saída

Autocar Gran Turismo para todo o percorrido

Pensión completa en hotel 3-4 estrelas en poboación (segundo dispoñibilidade),

Comidas en ruta todos os días

Guía-acompañante desde Galicia

visitas con guía oficial a Vitoria, San Sebastián e Bilbao. Entrada á Catedral de Santa María en Vitoria

Entrada ao Museo Guggenheim en Bilbao, ao Museo Vasco e á Catedral de Santiago en Bilbao

Subida ao Monte Igueldo en San Sebastián,

Entrada á Basílica do Coro en San Sebastián

Entradas con visitas guiadas ao Mosteiro de Aránzazu, Universidade Santci Spiritus, Parroquia de San Miguel e Covas de Oñati

Visita á Ponte Biscaia

Seguro de Multiasistencia en viaxe con cancelación

O PREZO NON INCLÚE

Entradas a monumentos, agás os especificados.

En xeral, calquera servizo non especificado no apartado *O PREZO INCLÚE*.

INSCRICIÓN

Do 8 de febreiro ao 8 de marzo

INFORMACIÓN E RESERVAS

Espazos +60 Afundación ou Galaecia Ronda de Nelle, 124. A Coruña. 881899065

Organiza



//Afundación

Obra Social ABANCA